

4

**Proposta de medidas
e políticas a aplicar**

Proposta de políticas e medidas a aplicar

O obxectivo estratéxico das políticas económicas que se deseñan para Galicia debe ser a converxencia activa con España e Europa en termos de crecemento, emprego e cohesión social. Este propósito global, unido á consecución dos obxectivos de Lisboa para o ano 2010, obriga a establecer compromisos e medidas de actuación concretas orientadas a garantir a sustentabilidade económica, mellorar a competitividade, a produtividade, a I+D+i e reducir os niveis de temporalidade na relación laboral xerando emprego estable e de calidade, de xeito que se favoreza a devandita cohesión social e a igualdade de oportunidades.

Ante a necesidade de facer compatible o desenvolvemento sostible e a cohesión social e territorial coa competitividade, o Comité Económico e Social Europeo, no seu ditame 2006/C 318/02, matiza que *"corresponde a cada nivel rexional e local a procura de fórmulas que respondan mellor ás esixencias de gobernabilidade territorial e que sexan compatibles co marco nacional, europeo e internacional de referencia"*. Non obstante, indica criterios comúns a todas estas fórmulas como son os da presenza dun diálogo civil e social estruturado, a avaliación regular e pública da calidade e o impacto das accións realizadas, a formación de axentes integradores do desenvolvemento, estruturas de calidade para a educación e a formación, canles de comunicación estruturada entre as empresas, a industria e o goberno; inserción en redes de centros de excelencia científica e tecnolóxica; creación e consolidación de estruturas de reagrupamento avanzadas; territorios con equipamentos adecuados, sostibles, atractivos e informatizados; e estruturas de consenso e decisión que sexan eficaces e ben aceptadas, baseadas na participación dos cidadáns.

Galicia debería seguir estas directrices de tal xeito que o conxunto de políticas transversais que se teñan que aplicar se coordinen para obter un mellor aproveitamento dos recursos económicos, técnicos e humanos e acadar o mencionado obxectivo de converxencia. Nesta liña, presentar as propostas de futuro máis relevantes para o tecido produtivo de Galicia é un dos obxectivos deste informe.

Unha vez analizada a matriz DAFO do conxunto do sistema produtivo galego, elaborada a partir do estudo dos factores de competitividade considerados no capítulo 2 deste informe e das achegas recollidas nos cuestionarios (**anexo**), o seguinte paso é establecer un conxunto de medidas que actúan de xeito global coma partes integrantes dun único sistema.

Neste último capítulo, e a modo de consideracións, preténdese sistematizar as distintas opinións dos axentes económicos e sociais acerca de qué aspectos habería que mellorar para a consecución do devandito obxectivo estratéxico xeral. Para unha maior comprensión, as distintas medidas e liñas de actuación se articulan ao redor de seis eixes estratéxicos: Política xeral, Infraestruturas, Capital humano, I+D e transferencia de tecnoloxía, Sector empresarial e Internacionalización.

Eixe estratéxico 1.- Aspectos de política xeral

As políticas económicas que se deseñen para Galicia deben perseguir a converxencia con España e Europa no horizonte de 2013 aproveitando os recursos do actual marco financeiro da UE. A devandita converxencia deberá obterse de maneira activa –non pola perda de poboación– coma consecuencia dun crecemento económico sostido acadado cunha alta produtividade e competitividade da economía.

O CES considera que Galicia debe definir o seu propio **modelo de desenvolvemento** sobre a base de que o crecemento económico sostible e o benestar social dependen, en boa medida, da capacidade de innovar de forma sistemática. Este modelo debe procurar a creación de valor engadido, a medra de emprego de calidade e o aproveitamento de novos segmentos de mercado derivados do incremento da renda familiar e a igualdade de oportunidades.

O aumento do capital físico, tecnolóxico e humano é tamén un elemento determinante para conseguir o desenvolvemento do tecido produtivo de Galicia, atraer investimentos do exterior e acadar máis presenza internacional e máis cota de mercado.

Sería necesario unha maior conexión entre a Administración pública, as empresas e as universidades para o desenvolvemento de novas tecnoloxías, de innovación. Ao mesmo tempo, sería imprescindible reforzar o esforzo político de cara a que as empresas privadas participen dos beneficios da I+D+i fomentando o reinvestimento, nunha maior contía, de parte dos seus recursos en I+D, así como un compromiso absoluto co emprego e o medio ambiente.

Fronte ao criterio de cimentar a competitividade nun modelo de baixos custos salariais, a clave do desenvolvemento do tecido produtivo, o incremento da produtividade e a mellora salarial en parámetros de razoabilidade, na actual economía do coñecemento, está na capacidade innovadora, a eficiencia e a calidade das empresas, intensificando a incorporación de tecnoloxía. Ditas empresas necesitan un forte soporte financeiro e comercial que as permita asumir os elevados riscos da creación ou introdución de novas tecnoloxías.

O sector público debería fomentar máis a **creación de empresas innovadoras** actuando sobre distintos ámbitos relevantes para as mesmas:

- (a) o desenvolvemento de entorno adecuado de innovación;
- (b) fomento da cooperación entre universidade, goberno e cultura empresarial coma elemento impulsor da innovación;
- (c) a estrutura de goberno, é dicir, buscando a implicación dos distintos axentes no desenvolvemento dos clúster, e fomentando tanto unha maior transparencia no acceso aos procesos de toma de decisións coma unha maior responsabilidade;
- (d) potenciar a cultura emprendedora;
- (e) desenvolvemento de marcas;
- (f) a creación de redes de valor.

O logro do devandito obxectivo de converxencia e do necesario freo da perda progresiva do peso económico de Galicia no conxunto do Estado reclamaría un maior esforzo por parte de todos os axentes económicos e sociais. O CES considera positivo afondar nun **marco de diálogo e de concertación** entre estes axentes e os interlocutores sociais, que debería propiciar un clima de estabilidade, confianza e asunción de obxectivos compartidos, elementos todos eles realmente convenientes para un desenvolvemento sostido a longo prazo.

Dado que o proceso de converxencia da economía galega coa media de España se ten producido, fundamentalmente, polo comportamento demográfico (descenso continuado do peso relativo da poboación galega no total estatal), o CES volta a destacar que é fundamental arbitrar medidas destinadas a **incrementar o peso demográfico** da comunidade autónoma.

Eixe 1. Aspectos de política xeral: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación**Obxectivo estratéxico I**

Converxencia activa coa media española e europea coma consecuencia dun crecemento económico sostido baseado nunha alta produtividade e competitividade da economía.

Propostas de actuación

- Desenvolver o noso propio modelo de desenvolvemento, que debe responder á creación de valor, á medra de emprego de calidade e ao aproveitamento de novos segmentos demercado derivados do incremento da renda familiar e a igualdade de oportunidades.
- Maior conexión entre a Administración pública, as empresas e as universidades para o desenvolvemento de novas tecnoloxías e innovación. Ao mesmo tempo, reforzar o esforzo político para que as empresas participen dos beneficios do I+D+i fomentando o reinvestimento, nunha maior contía, de parte dos seus recursos en I+D.
- Maior implicación do sector público e o sector financeiro en facilitar máis as iniciativas empresariais intensivas en tecnoloxía ou tecnoloxicamente avanzadas.
- Afondar nun marco de diálogo e de concertación entre os axentes económicos e sociais e os interlocutores sociais. Este marco debería propiciar un clima de estabilidade, confianza e asunción de obxectivos compartidos.
- Desenvolver as medidas e programas dirixidos á revitalización demográfica de Galicia.
 - Mellorar a conciliación laboral, persoal e familiar actuando en diferentes ámbitos coma redución e flexibilización da xornada laboral, incentivos á maternidade/paternidade ou a creación dunha rede pública de infraestruturas sociais de calidade.
 - Equiparación o acceso da diversa tipoloxía familiar existente ás axudas públicas, eliminando calquera discriminación da familia monoparental.
 - Posta en marcha de programas específicos e explícitos que persigan a medra e fixación da poboación no medio rural.
- Redacción e aprobación urxente das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).
- Impulsar activamente un maior desenvolvemento da eurrrexión Galicia - Norte de Portugal.
- Necesidade de poñer en valor a atractiva posición xeoestratéxica de Galicia como nodo portuario.
- Establecer e potenciar mecanismos de control e seguimento efectivo dos plans e programas de actuación.
 - Fomentar o control e seguimento do cumprimento dos obxectivos intermedios e finais.
 - Desenvolver informes de avaliación de calidade das políticas e dos servizos públicos, co fin de propiciar os debates necesarios para propoñer medidas correctoras e recomendacións para a súa mellora.
 - Ofrecer unha intergración adecuada e unha resposta á necesidade de que a sociedade civil participe dun xeito responsable no desenvolvemento dos plans e programas elaborados pola Administración.
- Realizar unha planificación das infraestruturas real, razoable e posible, así como axilizar a súa execución, determinando as prioridades necesarias e esixindo unha calidade parella á doutras CC.AA.. Asegurar o cumprimento, en data, dos plans de infraestruturas que afectan a Galicia.

Fonte: CES-Galicia

4.1.

Nestas medidas de revitalización demográfica, un grupo de actuacións deben dirixirse a incrementar a natalidade e mellorar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal actuando en diferentes ámbitos: a redución e flexibilización da xornada laboral, a dotación de axudas económicas para a maternidade/paternidade e a creación dunha rede pública de infraestruturas ou liñas de axuda para a atención á poboación dependente (menores, maiores, persoas discapacitadas, ...). En opinión do CES, débese equiparar o acceso da diversa tipoloxía familiar existente ás axudas públicas, eliminando calquera posible discriminación da familia monoparental.

Ademais, na composición do programa de medidas orientadas á revitalización demográfica, cómpre desenvolver un programa específico e explícito que persiga o aumento e a fixación da poboación no medio rural. Entre as medidas que habería que considerar salientan: facer chegar ao medio rural os servizos básicos de telecomunicacións e servizos públicos suficientes e de calidade (medicina, ensinanza, transporte, bibliotecas, zonas recreativas, garderías, ...); terminación da mellora da electrificación rural; mellora do financiamento da concentración parcelaria; industrialización do sector primario para pechar os ciclos produtivos e xerar maior valor engadido; aposta decidida pola constitución dun gran grupo agroalimentario con

dimensións necesarias; o reforzamento da política forestal mediante medidas consensuadas cos axentes económicos e sociais do sector; a mellora das condicións financeiras para fomentar o investimento no rural; ou monitores permanentes no medio rural para asesorar aos distintos sectores.

Outro aspecto no que o CES quere chamar a atención é o retraso acumulado na redacción e aprobación das **Directrices de Ordenación do Territorio** (DOT), que deberán contribuír a superar a problemática urbanística actual e dar resposta á necesidade de solo empresarial. Estas deberían definir, ao menos, un mecanismo de coordinación das políticas territoriais das distintas administracións, establecéndose liñas orientativas sobre cómo se vai facer efectiva esa coordinación e o equilibrio necesario entre o marco xeral e as actuacións específicas de cada territorio. Asemade, deberían prever os mecanismos necesarios de coordinación e integración con outros plans e actuacións que teñan relación coas cuestións obxecto das DOT.

No actual contexto económico no que se desenvolve a economía galega, o CES reitera a necesidade dunha análise polo miúdo para estudar cómo a **deslocalización** vai afectar a industrias e actividades tan importantes do sector produtivo galego como poden ser o téxtil, o sector conserveiro ou as actividades de transformación metálicas. A partir deste estudo deberíanse deseñar liñas estratéxicas de actuación que melloren e potencien o tecido produtivo de Galicia.

Son múltiples os factores que inciden na localización física dunha empresa e varían segundo a actividade da que se trate. Os custos laborais son importantes, pero tamén o son as infraestruturas de transporte e comunicacións, a dispoñibilidade e prezo do solo empresarial, a fiscalidade, a lexislación laboral e ambiental e o seu control, o capital humano, o sistema de I+D+i, as economías de aglomeración, etcétera.

Xa que logo, non semella razoable que a mesma explicación sirva para todos os procesos de localización ou deslocalización empresarial, nin que a solución sexa a mesma. Nalgúns sectores de actividade a man de obra pouco cualificada é a peza básica do proceso produtivo e, por elo, os custos salariais son chave. Noutros, a dispoñibilidade dun entorno que provea de man de obra altamente cualificada e laboratorios de investigación pode ser o fundamental.

Dito o anterior, Galicia debería tentar combinar un abandono progresivo das actividades intensivas en man de obra pouco cualificada –ás que inevitablemente van vencellados niveis salariais baixos para os estándares dun país desenvolvido– coa potenciación da súa especialización en actividades máis sofisticadas e polo tanto xeradoras dun meirande valor engadido, salarios e beneficios empresariais. De aí a importancia de potenciar liñas de actuación como a formación e a I+D+i vencelladas ás necesidades do aparello produtivo; a dispoñibilidade de solo industrial nas condicións requiridas polas empresas; a intermodalidade no transporte –conexións de portos, aeroportos, camiños de ferro e autoestradas–, que podería chegar a transformar en vantaxe o carácter periférico de Galicia; e as telecomunicacións.

Xunto a isto, existen outros factores de tipo regulatorio que deberían ser tamén tidos en conta. Nomeadamente, a renegociación dalgunhas restricións impostas dende a Unión Europea e o control de prácticas de *dumping* feitas por países fóra do territorio europeo. En terceiro lugar, as axudas autonómicas e locais ás empresas deberían esixir como contrapartida certos compromisos de permanencia das firmas beneficiarias. E derradeiro, deberían artellarse medidas compensatorias pactadas entre sindicatos, empresarios e Administración para minimizar os custos sociais dos procesos de axuste, como o que afecta xa ao subsector dos talleres textís.

Ademais, o CES considera importante definir programas dirixidos a impulsar activamente un **maior desenvolvemento da eurorreión Galicia-Norte de Portugal**. Mercados máis amplos para as empresas galegas, a posibilidade de tirar partido das sinerxías entre os núcleos produtivos das dúas beiras da fronteira ou a colaboración no deseño e construción

de infraestruturas (de transporte, educativas, ...) no marco comunitario son algúns dos posibles beneficios.

Na aplicación dos distintos plans, programas e medidas propostos, o CES considera que faise preciso o establecemento dun **control e seguimento efectivo** do cumprimento dos seus obxectivos intermedios e finais fixados. Ademais, sería conveniente o desenvolvemento de informes de avaliación de calidade das políticas e dos servizos públicos, co fin de propiciar os debates necesarios para propoñer medidas correctoras e recomendacións para a súa mellora.

Na liña do indicado polo Comité Económico e Social Europeo no devandito informe 2006/C 318/02, os diferentes plans e programas elaborados deberían contemplar a participación dos distintos axentes económicos e sociais.

En relación a este control e seguimento, dada a situación periférica con respecto aos mercados e aos déficits infraestruturais que aínda persisten en Galicia (nomeadamente ferroviarios e portuarios), e co obxectivo de incrementar a competitividade da economía galega e corrixir os desequilibrios territoriais, o CES volve a insistir na necesidade do cumprimento, en data, dos plans de infraestruturas que lle afectan.

Eixe estratéxico 2.- Infraestruturas

O desenvolvemento dunha rede de infraestruturas competitiva é un dos factores máis relevantes da competitividade económica xa que condiciona a accesibilidade do territorio, así como o desenvolvemento da rede loxística e da mobilidade e unha mellor calidade de vida. O investimento en infraestruturas fomentará o crecemento e servirá de motor para o desenvolvemento de actividades empresariais cada vez máis orientadas a prestar servizos e producir bens cun maior valor engadido.

● Infraestruturas de transporte

No que atinxe ás medidas de desenvolvemento de infraestruturas de transporte, o primeiro obxectivo estratéxico ten que ser de carácter interno, é dicir, ten que estar relacionado co obxectivo dunha maior **vertebración do territorio**. As distintas políticas teñen que ir encamiñadas á procura dunha elevada interconexión das redes de comunicación tendo presente a dispersión dos núcleos de poboación.

Para o cumprimento deste fin requírese, xunto á necesaria oferta de servizos públicos de calidade, o desenvolvemento tanto do ferrocarril coma dunha rede de estradas transversais que comuniquen a costa e o rural interior coas cidades e coas vías de alta capacidade.

En canto ao obxectivo dunha **mellor conexión de Galicia** tanto co resto das comunidades autónomas, como con Portugal e o resto de Europa e do mundo, o CES considera fundamental a racionalización do gasto e a creación dun sistema que permita definir a gradación en importancia dos recursos en infraestruturas e equipamentos necesarios. Asemade, defende a concentración de investimentos dirixidos a potenciar o ferrocarril, os portos, os aeroportos e a intermodalidade.

No que atinxe ao **ferrocarril**, o CES considera prioritaria a modernización e ampliación da rede ferroviaria tanto para pasaxeiros coma para mercadorías. É por isto imprescindible unha planificación real, razoable e posible, así como unha axilización da execución, determinando as prioridades necesarias e esixindo unha calidade parella á doutras CC.AA.. Aínda que o investimento inicial é moi elevado, trátase dun medio de transporte máis limpo (axudaría a cumprir aos requirimentos de Kioto) e non depende do petróleo.

Eixe 2. Infraestruturas: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación

2.1.- Infraestruturas de transporte

Obxectivo estratéxico I

Desenvolvemento dunha rede de transporte competitiva e de calidade co obxectivo dunha maior

Propostas de actuación

- Interconexión das redes de comunicación tendo presente a dispersión dos núcleos de poboación.
- Construción dunha rede de estradas transversais que comuniquen a costa e o rural interior coas cidades e coas vías de alta capacidade, e que axude a fixar poboación ao territorio e a atraer industrias transformadoras.
- Necesario desenvolvemento e modernización do ferrocarril e creación dunha tupida rede de transporte público.

Obxectivo estratéxico II

Desenvolvemento dunha rede de transporte de calidade que posibilite unha mellor comunicación de Galicia co exterior, así como o desenvolvemento da rede loxística.

Propostas de actuación

- Racionalizar o gasto e creación dun sistema que permita definir a gradación en importancia dos recursos.
- Concentrar investimentos nas infraestruturas ferroviarias, modernizando a rede ferroviaria tanto para pasaxeiros como para mercadorías, a intermodalidade e nos portos e aeroportos.
- Desenvolvemento de inf. ferroviarias para tren de alta velocidade en tempo e coas características técnicas axeitadas.
- Non esquecer e definir con claridade, dado o seu carácter estratéxico, o movemento das mercadorías por tren.
- Adecuación do transporte por ferrocarril ás necesidades empresariais e á intercomunicación entre os centros loxísticos.
- Impulsar unha política que aposte decididamente pola potenciación das infraestruturas marítimas
 - Crear un marco xeral para que Galicia se converta en punto de entrada e saída atlántica dos produtos en e de Europa.
 - Incremento de calados nos portos de Vigo e no porto exterior de A Coruña.
 - Desenvolvemento das plataformas loxísticas asociadas a estes dous portos.
 - A posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos.
 - Desenvolver e potenciar a intermodalidade.
- Fomentar a complementariedade dos aeroportos galegos e garantir investimentos que permitan a súa operatividade plena.
- Revisar as previsións de crecemento dos aeroportos co fin de adecuar o investimento ás necesidades futuras.
- Potenciar un aeroporto galego como central de carga aeroportuaria do noroeste peninsular.

2.2.- Infraestruturas relativas ao solo industrial

Obxectivo estratéxico

Promover solo industrial de calidade que permita dar resposta á demanda interna e dispor tamén de capacidade de atracción de investimentos do exterior, evitando ao mesmo tempo a deslocalización e a fuga

Propostas de actuación

- Elaborar unha exhaustiva planificación de solo industrial que permita racionalizar a súa oferta presente e futura
 - Impulsar liñas de financiamento específico
 - Análise das necesidades de mobilidade xurdidas coa posta en marcha de novos polígonos empresariais.
 - Mellora do acceso á información relevante
- Propiciar a coordinación entre administración públicas en aras a unha maior axilidade na tramitación.
- Abaratamento do prezo do solo e impulsar medidas de freo á especulación do solo industrial
- Incrementar a superficie de parques tecnolóxicos e fomentar a especialización dos mesmos.



4.2. a

O CES demanda, unha vez máis, a conexión de Galicia coa capital do Estado e co Norte de Portugal en parámetros de alta velocidade e o compromiso de finalización das obras, incluída a sinalización definitiva, os sistemas de control e a electrificación, nos prazos previstos que, en calquera caso, garantan a súa posta en servizo no ano 2013. Dado que é unha obra de capital relevancia para a nosa Comunidade, calquera medida que reste calidade ao seu servizo, así como a demora na súa posta en funcionamento respecto a outros puntos de España, terá unha influencia moi negativa para o crecemento de Galicia. Asemade, sinala coma necesarias novas propostas para unha adecuación do transporte por ferrocarril ás necesidades empresariais e á intercomunicación entre os centros loxísticos (parques empresariais, portos, aeroportos, grandes vías de comunicación terrestre, aceptación da intermodalidade no transporte, ...).

Eixe 2. Infraestruturas: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación**2.3.- Infraestruturas enerxéticas e medioambientais****Obxectivo estratéxico**

Garantir e mellorar o subministro de enerxía eléctrica e mellorar os medios de protección medioambiental.

Propostas de actuación

- Elaborar un **Plan integral de política ambiental** que incorpore, entre outros, instrumentos regulatorios normativos, instrumentos económicos, acordos voluntarios entre empresas e programas de educación
- Desenvolver medidas especiais de apoio ás empresas nos seus procesos de xestión de residuos.
- Abrir un amplo debate social sobre a problemática dos incendios e considerar a política contra os incendios forestais e de defensa do monte coma unha política de Estado. Esta política debería estar necesariamente

2.4.- Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC)**Obxectivo estratéxico**

Desenvolver a rede de banda ampla ao longo de todo o territorio galego, o que facilitaría unha mellor vertebración e favorecería a posta en marcha de proxectos empresariais.

2.5.- Infraestruturas sociais**Obxectivo estratéxico**

Regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subjectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Propostas de actuación

- Desenvolver unha rede asistencial e de calidade ao alcance de toda a poboación con independencia do seu
- Mellorar e ampliar a dotación de servizos para o coidado dos nenos e o apoio á familia.

Fonte: CES-Galicia

4.2. b

Considérase importante non esquecer e definir con claridade o movemento das mercadorías por tren como elemento estratéxico, buscando sempre a implantación do sistema máis razoable de circulación de mercadorías, pero tendo en conta que a nosa Comunidade Autónoma debe estar en parámetros europeos.

No concernente ás **infraestruturas portuarias**, dada a posición xeoestratéxica de Galicia, situada diante das principais rutas marítimas, e as condicións naturais das rías galegas como portos de abrigo, as actuacións públicas deben ir dirixidas a potenciar as condicións para que Galicia se converta na entrada e saída atlántica de distintos produtos de Europa e cabeceira da futura autoestrada do mar.

Xunto á necesaria coordinación entre as distintas administracións e a imprescindible concreción e cumprimento en canto aos prazos de execución das infraestruturas, o CES considera oportuna unha política que aposte decididamente pola potenciación das infraestruturas marítimas. Esta política esixirá tres grandes actuacións: o remate das obras dos portos exteriores de A Coruña e Ferrol, a posta en funcionamento das plataformas loxísticas ligadas aos portos e o desenvolvemento do porto seco de Monforte de Lemos. En liña co dito no caso do ferrocarril, o éxito desta política está na conexión dos portos e plataformas loxísticas coa rede ferroviaria de altas prestacións.

En cuestións de **infraestruturas aeroportuarias**, o CES entende que as políticas neste ámbito teñen de tender á procura da complementariedade dos tres aeroportos galegos. Ademais, o CES esixe a realización dos investimentos necesarios que permitan a operatividade plena dos tres aeroportos independentemente das circunstancias climatolóxicas e o incremento de tráfico tanto de pasaxeiros coma de mercadorías.

Asemade, considérase fundamental potenciar un dos aeroportos como central de carga do noroeste peninsular, atendendo á localización das principais empresas potencialmente demandantes destes servizos.

• Solo industrial

Tendo en conta que o elevado déficit de solo industrial, especialmente nas áreas máis dinámicas da Galicia, é un elemento limitante para o seu desenvolvemento económico, as actuacións neste ámbito teñen de converterse en fin estratéxico e prioritario da Xunta de Galicia. A partir da demanda real de solo industrial e empresarial, o obxectivo estratéxico desta política debe ser o de promover suficiente solo de calidade (con localización, deseño e dotacións de servizos axeitados) para dar resposta non só á demanda interna senón tamén para dispor de capacidade de atracción de investimentos do exterior, evitando ao mesmo tempo a deslocalización das empresas galegas e a fuga de iniciativas empresariais.

O CES considera fundamental por en marcha un proceso de racionalización da oferta de solo industrial de calidade, para o que suxire unha exhaustiva planificación que permita coñecer as necesidades reais de solo e que facilite a previsión da demanda futura.

Nesta planificación habería que facer referencia a distintos programas de mellora do acceso á información relativa á oferta e características dos parques, ao desenvolvemento de liñas de financiamento específico que faciliten ás empresas galegas o traslado aos parques empresariais, aos servizos de apoio aos polígonos necesarios para un adecuado funcionamento (enerxía, auga, telecomunicacións, conexións coas principais redes de transporte...) ou unha análise das necesidades de mobilidade xeradas coa creación de novos parques.

Asemade, a devandita planificación debería facer referencia ao desenvolvemento de canles de cooperación entre as distintas administracións e de coordinación dos distintos departamentos dunha mesma administración. Esta coordinación e a mellora nos sistemas de xestión dos parques debería buscar a simplificación burocrática e a redución de tempos e custos de tramitación administrativa.

Xunto ao incremento da dispoñibilidade de solo de calidade, o CES opina que é necesario o seu abaratamento, polo que se suxire a aplicación de medidas que eviten o incremento especulativo do prezo do solo.

En relación aos parques tecnolóxicos, cómpre salientar a necesidade de incrementar a superficie destinada aos mesmos, así como o de promover e impulsar, por parte da Administración pública, a súa especialización sectorial.

• Infraestruturas enerxéticas e medioambientais

O obxectivo estratéxico neste ámbito ten de ser a mellora do subministro de enerxía eléctrica e a mellora de medios de protección medioambiental.

O incremento da demanda enerxética esixe acentuar os programas de actualización e mellora das infraestruturas de transporte e distribución enerxética. Dende o punto de vista do tecido produtivo, o CES insiste na necesidade de mellorar a calidade de subministro enerxético e da importancia da chegada desta rede de transporte ás industrias e aos parques empresariais e industriais.

En materia enerxética, mentres que Galicia é xa unha das rexións europeas cun maior desenvolvemento da enerxía eólica, os avances noutras enerxías renovables coma a solar ou a biomasa son aínda insuficientes. En relación á enerxía solar, o CES suxire un meirande esforzo económico e político ás administracións públicas e, en particular aos concellos, que coas súas normas urbanísticas e ordenanzas fiscais poden e deben dar pulo á expansión dos paneis solares en vivendas e empresas.

En canto ao aproveitamento da biomasa residual, o CES insiste no positivo que é a implementación de plans específicos para a utilización enerxética da biomasa forestal, xa que xunto aos beneficios que se poderían obter en termos de aforro de custos de prevención e extinción de incendios, o fomento do seu aproveitamento enerxético axudaría, ademais, á

limpeza de vexetación altamente combustible, facilitando as labores de extinción cando se produciu o incendio.

Ademais, o CES entende que é necesario desenvolver un plan integral de política de protección medioambiental que incorpore, xunto aos instrumentos regulatorios normativos, aspectos como a aplicación de instrumentos económicos (habería que analizar a posibilidade de mellorar e desenvolver gradualmente uns impostos ambientais propios) ou acordos voluntarios entre empresas.

Este plan debería incluír programas especiais de apoio ás empresas nos seus procesos de xestión de residuos para que non supoñan un sobrecusto en comparación cos seus competidores.

En materia medioambiental, un dos problemas recorrentes en Galicia é o elevado número de incendios e a superficie forestal arrasada. Dado o seu impacto económico e social e a súa gravidade, o CES expresa unha vez máis tanto a necesidade de abrir un amplo debate social sobre esta problemática como que se considere a política contra incendios forestais e de defensa do monte coma unha política de Estado. Esta política debería estar necesariamente consensuada por todos os axentes sociais.

● **Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC)**

O CES demanda a extensión da banda ampla ao longo de toda a xeografía galega, o que facilitaría a vertebración de Galicia xa que permitiría unha mellor comunicación a través da rede e favorecería a posta en marcha de determinados proxectos empresariais. Ao mesmo tempo, e tendo en conta a elevada dispersión demográfica existente en Galicia, incrementaría as posibilidades dun mellor acceso a certos servizos públicos por parte do conxunto da cidadanía.

● **Infraestruturas sociais**

Tal coma se recolle na Lei da Dependencia, o obxectivo estratéxico debe ser o de "*regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*".

O CES quere resaltar o papel e a potencialidade das actividades e servizos sociais como xeradores de emprego e riqueza en Galicia.

Tendo en conta o proceso de envellecemento da poboación galega e a reducida taxa de natalidade, e dado o elevado déficit de servizos de asistencia a persoas dependentes, o CES insiste na necesidade de desenvolver unha rede asistencial e de calidade ao alcance de toda a poboación con independencia do seu lugar de residencia.

Asemade, o CES considera imprescindible mellorar e ampliar a dotación de servizos para o coidado dos nenos e o apoio á familia, o que permitiría avanzar realmente nos obxectivos de conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía.

Eixe estratéxico 3.- Capital humano

A mellora do nivel educativo e da formación pode ser considerado coma un dos motores básicos do proceso de transformación e modernización de Galicia, así como un dos factores clave da innovación e da competitividade.

Dada a incidencia directa que esta mellora ten sobre os niveis de renda e o seu impacto sobre a capacidade de atracción de empresas, e tendo en conta que a formación é a base

Eixe 3. Capital humano: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación

Obxectivo estratéxico I

Garantir a prestación dun sistema formativo de calidade, co fin de mellorar a cualificación da poboación de xeito permanente en función das necesidades profesionais para as novas perspectivas de desenvolvemento.

Propostas de actuación

O primeiro grupo de medidas vai dirixida á **mellora dos propios programas formativos**.

- Fomentar o desenvolvemento dunha estrutura formativa intermedia especializada. Adecuar os plans formativos da FP ás necesidades reais dos sectores produtivos.
- Potenciar un sistema de formación para o emprego de calidade co obxectivo de mellorar a cualificación dos traballadores e adaptar os seus coñecementos e habilidades aos continuos cambios do entorno.
- Desenvolver os cambios precisos nos procesos de formación de desempregados para que podan capacitarse en aspectos realmente demandados polo sistema produtivo.
- Potenciar unha maior formación en idiomas.

O segundo grupo de medidas refírese ao desenvolvemento de programas específicos orientados á procura dunha **maior colaboración entre o sistema educativo e o sector empresarial**.

- Fomentar contactos entre as asociacións empresariais e universidades e centros de formación para que estes coñezan directamente as súas demandas e necesidades.
- Desenvolver programas específicos dirixidos ao mantemento e captación de xente preparada.
- Deseñar medidas necesarias para que os investigadores galegos non teñan que marchar fóra.

Fonte: CES-Galicia

■ 4.3.

para acadar un crecemento estable e duradeiro, o obxectivo estratéxico ten de ser o incremento da calidade do sistema de educación e formación, así como a maior adecuación dos plans formativos ás necesidades do sistema produtivo.

Un primeiro grupo de medidas fai referencia á **mellora dos propios programas formativos**, xa sexan regrados coma non regrados, co obxectivo dunha maior adecuación da oferta e as necesidades reais das empresas.

Dunha banda, o CES salienta a falla dunha estrutura formativa intermedia especializada, indicando a necesidade dunha auténtica adecuación dos plans formativos regrados da Formación Profesional ás demandas dos sectores produtivos.

Asemade, o CES considera fundamental potenciar un sistema de formación para o emprego co obxectivo de mellorar a cualificación dos recursos humanos e adaptar os seus coñecementos e habilidades aos continuos cambios do entorno, especialmente na aplicación dos avances tecnolóxicos.

Ao mesmo tempo, demándase unha maior aposta empresarial para incrementar a capacitación dos recursos humanos, que realmente redunde nunha medra da eficiencia no uso das novas tecnoloxías. Ademais, cómpre salientar a necesidade dunha formación dos cadros directivos e mandos intermedios especializada en xestión e estratexia empresarial.

O CES quere chamar a atención na necesidade de desenvolver os cambios precisos nos procesos de formación do persoal desempregado, de xeito que poda capacitarse en aspectos realmente demandados polas empresas do seu entorno.

En opinión do CES é importante unha maior formación en idiomas, polo que habería que facilitar a aprendizaxe doutras linguas impartindo clases en tres idiomas: galego, castelán e inglés.

Un segundo grupo de actuacións en materia de formación é o relativo ao desenvolvemento

to de programas específicos orientados á procura dunha maior **colaboración entre o sistema educativo e sector empresarial**. Neste ámbito, o CES considera fundamental o fomento de contactos entre as asociacións empresariais e as universidades e centros de formación para que estes organismos coñezan directamente as súas demandas e as súas necesidades.

Ademais, habería que deseñar programas destinados a manter a xente nova formada en Galicia e ao mesmo tempo, captar xente preparada procedente de fóra de comunidade autónoma. O CES considera que a mellora das políticas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar, a mellora das súas condicións laborais ou a introdución de incentivos que permitan obter ás persoas interesadas unhas vantaxes suficientemente atractivas ao longo da súa carreira profesional, son elementos que inciden directamente neste obxectivo.

Na mesma liña, considérase positivo o desenvolvemento de medidas necesarias para que os investigadores galegos non teñan que marchar fóra. O CES entende que habería que apoiar ao persoal investigador mediante a creación de organismos público-privados de investigación debidamente dotados e enfocados a proxectos de interese para os sectores claves da economía.

Eixe estratéxico 4.- I+D+i e transferencia de tecnoloxía

O investimento nas actividades de investigación e desenvolvemento e en innovación (I+D+i) e a rápida e axeitada adaptación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) é un dos principais factores do incremento da produtividade e do crecemento sostido a medio e longo prazo.

Dado que o sistema galego de I+D segue presentando importantes debilidades, así como un significativo atraso en relación coa media europea e estatal, e tendo en conta o carácter esencial do desenvolvemento innovador e tecnolóxico para o crecemento económico, o CES considera necesario reiterar a necesidade de facer da I+D unha estratexia e un desafío principal.

Galicia conta con poucas empresas que actúen como líderes ou motores de I+D e con poucas actividades que estean emprazadas nos sectores de alta tecnoloxía, polo que cada vez é mais importante a cooperación entre as empresas e destas coas universidades e a administración. O CES demanda da Administración autonómica a creación dunha **estrutura estable de apoio á innovación** formada polos centros públicos de investigación e as universidades na que poidan participar as empresas interesadas.

O CES entende que dende a Xunta de Galicia deberase propiciar un maior papel dos clúster e das asociacións empresariais coma instrumentos de impulso da I+D+i.

O Consello insiste en que sería positivo demandar unha mellor distribución territorial do investimento en I+D en España, así como na necesidade de racionalizar as axudas públicas focalizando a asignación de recursos en certas empresas, sectores de interese prioritario e en proxectos ou programas sectoriais que realmente supoñan melloras de produtividade.

No que atinxe á devandita racionalización, o CES entende que hai que concretar e especificar os procesos de axudas públicas e deducións fiscais á investigación e á innovación.

Asemade, habería que centrarse ben en actividades cunha forte especialización e orientación aos mercados exteriores (produtos alimentarios do mar e da gandería, a industria forestal, minerais non metálicos, elaboración de material de transporte, loxística, confección xeración eléctrica e algúns segmentos da química), ben en nichos de mercado a potenciar con esforzos selectivos de I+D+i nos que Galicia conta con recursos pero que na actualidade cubrimos con importacións (industria cárnica, industria auxiliar do automóbil, papel, cerámica e servizos a empresas).

Eixe 4. I+D+i e transferencia de tecnoloxía: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación

Obxectivo estratéxico I

Impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica, facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade.

Propostas de actuación

- Partir da consideración das políticas de I+D coma unha estratexia e un desafío principal.
- Creación dunha estrutura estable de apoio á innovación, formada polos centros públicos de investigación e as universidades, na que poidan participar as empresas interesadas.
- Racionalizar a asignación das axudas públicas centrandoas en sectores de interese prioritario e en poucas liñas e programas de actuación que realmente supoñan melloras de produtividade.
- Maior concreción e especificación dos procesos de axudas e deducións fiscais á investigación e á innovación.
- Xunto ás actividades de financiamento de proxectos e de adquisición de infraestruturas, as administracións públicas deben centrarse en dotar servizos tecnolóxicos de xeito coherente coa demanda existente.
Asemade, articular medidas como o incremento da colaboración entre os distintos axentes implicados, o desenvolvemento de redes de apoio, a creación de spin-off ou a posta decidida pola xeración de resultados científicos e tecnolóxicos de calidade.
- Desenvolver a rede de Centros de Excelencia en colaboración coa Administración central, o CSIC e as universidades. Esta rede se comporta como un elemento fundamental para transferir tecnoloxía e para captar proxectos de investimento e fondos comunitarios.
- Dende o goberno deberase propiciar un maior papel dos clúster e das asociacións empresariais coma instrumentos de impulso da I+D+i.
- Potenciar o investimento privado e a innovación empresarial. Para isto é necesario protexer o coñecemento nas empresas, así como fomentar a transferencia de tecnoloxía ás empresas e mellorar o financiamento da innovación.
- Fomentar programas de formación nas novas tecnoloxías ao conxunto da poboación galega. Coma punto de partida habería que dotar de medios axeitados ás escolas e institutos, sen esquecer os cursos de alfabetización informática para as persoas adultas.
- Desenvolver novos mecanismos financeiros para impulsar a transferencia de tecnoloxía.
- Apoiar a creación de empresas de base tecnolóxica dado o seu valor como vía de modernización do tecido empresarial.

Fonte: CES-Galicia

4.4.

O CES salienta a importancia de desenvolver a rede de centros de Excelencia por parte da Administración autonómica, en colaboración coa Administración central, CSIC e as Universidades. Esta rede será un elemento fundamental para transferir tecnoloxía e para captar proxectos de investimentos e fondos comunitarios.

O sistema galego de I+D caracterízase, entre outros aspectos, polo seu carácter eminentemente público, polo que é aconsellable un incremento do investimento privado e da innovación empresarial. Para iso, é necesario protexer o coñecemento nas empresas, así coma potenciar a transferencia de tecnoloxía ás empresas ou mellorar o financiamento da innovación.

Asemade, demándase un apoio progresivo da Administración no fomento do uso das novas tecnoloxías nas microempresas e na mellora do acceso das pemes ás innovacións tecnolóxicas. Neste senso, requírense programas de información e sensibilización dirixidos a toda a poboación explicando con exemplos o que significa o capital tecnolóxico.

En opinión do CES hai que impulsar a formación da poboación galega no seu conxunto nas novas tecnoloxías, para o que se tería de comezar por dotar de medios ás escolas e

institutos, sen esquecer a realización de cursos de alfabetización informática para as persoas adultas. Asemade, debería ofrecerse máis formación de carácter técnico aos que están implicados na produción tanto para coñecer novos produtos coma novos procesos.

Eixe estratéxico 5.- Sector empresarial

O desenvolvemento dun tecido empresarial forte e innovador é un síntoma da existencia dun entorno económico sólido, dinámico e proxectado cara novas actividades empresariais máis competitivas e innovadoras. Á hora de presentar as políticas ou propostas relacionadas co sector empresarial en Galicia cómpre distinguir dous grandes obxectivos estratéxicos: o da creación e consolidación de empresas e o da interrelación e integración en sectores e clúster.

No concernente ao primeiro obxectivo estratéxico, este podería enunciarse da seguinte maneira: establecer un marco que posibilite o **incremento do número de empresas creadas**, establecéndose os mecanismos xurídicos e fiscais oportunos que favorezan a consolidación das mesmas e eviten ao mesmo tempo unha alta taxa de mortalidade empresarial, especialmente nos procesos de sucesión da empresa familiar.

O CES propón a coordinación de todas aquelas actuacións que melloren o entorno para a creación das empresas a través dun **Plan Estratéxico de Fomento de Iniciativa Empresarial en Galicia** que contemple, entre outros, os seguintes aspectos: o entorno administrativo, o entorno económico-financeiro, a formación previa e o entorno da innovación e as novas tecnoloxías. Este Plan Estratéxico debería incidir en tres grandes tipos de medidas: as referidas á sensibilización e clima xeral, os programas de apoio á creación de empresas e as actuacións de apoio á consolidación e mantemento empresarial.

O primeiro grupo de medidas, o referido á **sensibilización e clima xeral**, recolle todas aquelas actuacións dirixidas a crear o marco adecuado para impulsar a creación de novas empresas.

O CES considera necesario incidir en que *"debería fortalecerse a formación sobre a empresa e a súa creación no sistema de ensinanza regrada (coñecemento de mercado, servizo ao cliente, calidade, marketing, coñecementos básicos de negocio,...)".* Se se queren fomentar as iniciativas emprendedoras e a creación de empresas debe comezarse pola promoción do espírito emprendedor nos distintos niveis de ensino: educación secundaria, formación profesional e estudos universitarios.

Ademais, deberíanse desenvolver programas orientados a promover a mellora de canles de información e potenciar as oficinas de atención ás pemes en cuestións coma as medidas de apoio á creación empresarial, acceso a subvencións e axudas públicas, recursos e produtos financeiros dispoñibles, exencións fiscais, trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa,

Dado que o perfil do emprendedor galego é o dunha persoa empregada que adquiriu experiencia laboral previa ou un adecuado nivel de relacións no sector de actividade no que se atopa no momento da creación dunha empresa, en opinión do CES debería potenciarse a realización de prácticas en centros de traballo.

Un último aspecto que hai que mencionar en canto á creación dun marco xeral que favoreza a creación empresarial é a potenciación, dende os ámbitos públicos e privados, e coa utilización de diversos e coordinados mecanismos, do carácter produtivo de determinadas actividades e en determinadas áreas xeográficas que redunden nunha imaxe favorecedora ante novos procesos de investimento.

Eixe 5. Sector empresarial: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación

Obxectivo estratéxico I

Desenvolver un marco que posibilite o incremento do número de empresas creadas, establecéndose os mecanismos oportunos que favorezan a consolidación das mesmas e eviten ao mesmo tempo unha alta taxa de mortalidade empresarial, especialmente nos procesos de sucesión da empresa familiar

Propostas de actuación

- Coordinar todas as actuacións a través dun **Plan Estratéxico de Fomento da Iniciativa Empresarial** que englobe os seguintes tres ámbitos de actuación:
 - 1.- Accións de sensibilización e creación do marco xeral.
 - Fortalecer a formación sobre o mundo empresarial no ensino regrado.
 - Potenciar a realización de prácticas en centros de traballo.
 - Mellora de canles de información e potenciación das oficinas de atención ás pemes.
 - Potenciar o carácter produtivo de determinadas actividades en determinadas zonas que redunde nunha imaxe favorecedora antes novos procesos de investimento.
 - 2.- Programas de apoio á creación empresarial.
 - Desenvolver medidas que faciliten a axilización dos trámites administrativos no proceso de creación dunha nova empresa.
 - Impulsar a coordinación intra/interadministrativa.
 - Potenciar e desenvolver infraestruturas e programas de apoio material á creación de empresas.
 - Coordinación do apoio financeiro e de axudas públicas, estendéndoas ao maior número de iniciativas posibles segundo a súa viabilidade e o volume de emprego estable creado.
 - Facilitar a participación das Sociedades de capital risco e das Sociedades de garantía recíproca.
 - 3.- Programas de consolidación.
 - Impulsar novas liñas de financiamento.
 - Identificar en qué sectores se atopan as empresas "gacela" e potenciar máis intensamente aquelas que estean nos sectores máis relevantes para a economía galega.
 - Facilitar a consolidación da empresa familiar, especialmente mellorando os procesos sucesorios.

Obxectivo estratéxico II

Promover sistemas de interrelación entre empresas e integración en sectores e clústers para facer fronte ao forte espallamento xeográfico e sectorial e para incrementar a competitividade dos sectores produtivos.

Propostas de actuación

- Incidir na promoción de proxectos cooperativos a todos os niveis xa que estes permitirían acadar masa crítica suficiente para aproveitar as vantaxes das economías de escala.
- Promover, tanto dende as administracións públicas coma dende as asociacións empresariais, a cultura de cooperación como factor estratéxico da peme.
- Implicar nesta actividade cooperativa aos directivos empresariais, aos traballadores e ao conxunto das empresas galegas.
- Potenciar a creación de clústers xa que xeran economías de escala no desenvolvemento de proxectos innovadores e permiten ás empresas asumir menos riscos e rendibilizar máis rapidamente os resultados do investimento.
- Apoiar financeiramente a creación inicial de clústers e asociacións corporativas.

Fonte: CES-Galicia

4.5.

En relación aos **programas de apoio á creación empresarial**, cabe salientar, en primeiro lugar, que faise necesario potenciar infraestruturas e programas de apoio material para a creación das empresas, fundamentalmente, incubadoras ou viveiros de empresas, "portelos únicos" de tramitación ou a rede de técnicos de emprego.

Tendo en conta que a elevada burocracia é un dos elementos que restan atractivo a potenciais investimentos, o CES considera urxente a axilización dos trámites administrativos no proceso de creación dunha nova empresa. Asemade, hai que resaltar a necesidade de coordinación non só das distintas administracións senón tamén entre os distintos organismos dunha mesma administración para facilitar a necesaria formalización dos distintos trámites para a posta en marcha dunha empresa.

O CES entende que hai que volver a incidir en que *"sen prexuízo de que podan existir marcos xurídicos financeiros específicos, considérase necesario coordinar o apoio financeiro e de axudas públicas estendéndoas ao maior número de iniciativas posibles seleccionadas pola súa viabilidade e polo volume de emprego estable creado, sen diferenciar aspectos colaterais como a forma xurídica, incidindo na necesidade de lograr unha adecuada axilidade dos instrumentos financeiros"* (Informe 1/00 do CES).

Dado o contexto actual galego de micro-pemes con escasa capacidade financeira, é necesario facilitar a participación de sociedades de capital risco e sociedades de garantía recíproca.

O terceiro grupo de medidas que debería incluírse no devandito Plan Estratéxico fai referencia aos **programas de consolidación e mantemento da actividade empresarial**, xa que tan importante como apoiar a creación de empresas é conseguir que a meirande parte das mesmas se consolide e sexa capaz de xerar emprego e riqueza o maior tempo posible.

Tendo en conta que a superación dos primeiros anos de vida das empresas xorde coma un obxectivo de primeiro orde no fomento da actividade emprendedora, o CES considera fundamental o impulso de liñas de financiamento empresarial e industrial, centrándose especialmente naquelas empresas que incidan en sectores de carácter estratéxico para a economía galega. Neste sentido, hai que identificar en qué sectores se atopan as empresas "gacela" e potenciar máis intensamente aquelas que estean nos sectores máis relevantes para a economía galega.

O CES entende necesario facer unha especial referencia aos programas de consolidación e mantemento da empresa familiar, debido ao papel relevante que ten na economía galega e á súa achega ao emprego e á xeración de riqueza.

Dadas as debilidades asociadas ao reducido tamaño das empresas galegas, o segundo obxectivo estratéxico deste eixe debe ser o de promover **sistemas de interrelación** entre empresas e **integración en sectores e clúster** para facer fronte ao forte espallamento xeográfico e sectorial e para incrementar a competitividade dos sectores produtivos. O CES considera que se debería incidir na promoción de proxectos cooperativos a todos os niveis, aspecto que é fundamental para facer competitivo o sistema produtivo galego, ao permitirlle acadar masa crítica suficiente para aproveitar as vantaxes das economías de escala. Asemade, é preciso implicar nesa actividade cooperativa aos directivos empresariais, traballadoras e traballadores, e ao conxunto das empresas galegas.

Neste contexto, hai que promover, tanto dende as administracións públicas como dende as asociacións empresariais, a cultura da cooperación como factor estratéxico da peme para poder competir nos diferentes mercados. A administración debería incentivar a creación de redes de cooperación empresarial entre pequenas e medianas empresas e entre estas e as grandes empresas instaladas en Galicia.

Dada a existencia de procedementos de éxito en Galicia, é clave o aproveitamento e aprendizaxe do grande avance que supuxo en determinadas actividades, analizando en qué medidas os devanditos procedementos de éxito poden ser postos en marcha noutras cadeas produtivas.

Asemade, é importante apoiar financeiramente a creación inicial de clúster e asociacións corporativas. Dende a administración debe favorecerse e potenciarse a creación de clúster xa que xeran economías de escala no desenvolvemento de proxectos innovadores e permiten ás empresas asumir menores riscos e rendibilizar máis rapidamente os resultados do investimento.

Eixe estratéxico 6.- Proceso de internacionalización

O crecente proceso de internacionalización, que implica tanto a necesidade de competir nun mercado cada vez máis global como a necesidade de promover os recursos e potencialidades propias que permitan actuar axeitadamente nese mercado, é un dos retos das distintas economías actuais.

Para facer fronte a este proceso de globalización e para mellorar a competitividade de Galicia respecto a outras comunidades autónomas e rexións europeas, o obxectivo estratéxico ten de ser o de deseñar un marco que facilite a internacionalización das empresas, transmita unha imaxe de Galicia coma territorio competitivo e innovador e promova a atracción de investimentos cara a Galicia.

Para acadar o dito obxectivo é necesaria a adopción e posta en marcha, en primeiro lugar, dun conxunto de programas dirixidos á **mellora de información e axudas á internacionalización** das empresas galegas.

Neste senso, é necesaria a potenciación das canles de información sobre mercados, priorizando accións concretas de sectores estratéxicos e mercados obxectivo e definindo socios potenciais para a exportación.

Asemade, o CES considera fundamental potenciar distintos instrumentos que faciliten a internacionalización empresarial, como a elaboración de estudos de mercado que detecten as oportunidades de negocio e a especialización das asistencias técnicas ás empresas. Para isto é imprescindible mellorar a cooperación entre os distintos organismos públicos e privados que desenvolven estas tarefas (ICEX, IGAPE, Cámaras de Comercio e a Consellería de Innovación e Industria a través do Plan Foexga), incrementando a complementariedade das accións promocionais desenvolvidas e xerando un marco máis favorable que beneficie a atracción de empresas e investimentos estranxeiros.

O impulso do proceso de internacionalización empresarial debe contar cun programa específico de apoio por parte da administración. No que se refire ás axudas xestionadas con esta finalidade por parte do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o CES entende que se fai necesaria unha simplificación da súa tramitación administrativa, na actualidade excesivamente burocratizada, co obxectivo de axilizar a obtención de aquelas.

Asemade, o IGAPE debería centrarse máis nas pemes, en sectores produtivos galegos que sexan estratéxicos e con futuro e en proxectos empresariais cunha maior viabilidade. En opinión do CES, sería moi positivo compartir aspectos relacionados coas comunicacións, distribución e loxística entre empresas, polo que habería que priorizar os apoios en función do maior grado de cooperación interempresarial das propostas. Outro elemento imprescindible para a priorización das axudas sería o da existencia dun impulso de estratexias empresariais de competencia en base á diferenciación de produtos.

Xunto aos devanditos programas de información e axuda á internacionalización das empresas galegas, é necesaria a posta en marcha de medidas dirixidas a **fomentar e mellorar os sistemas de apoio as empresas no exterior** e o seu acceso ao mercado das licitacións internacionais.

Un aspecto crucial para mellorar infraestruturas e sistemas de apoio ás empresas no exterior é o desenvolvemento da actual estrutura da rede pública e privada no exterior. Sería conveniente unha maior cooperación coa Rede de Oficinas Económicas e Comerciais das embaixadas de España no exterior, redefinindo por tanto o papel dos cinco centros de promoción de negocios (Alemaña, Polonia, Xapón, China e Estados Unidos). Ao mesmo tempo, o CES considera que hai que potenciar os programas específicos de acompañamento e axuda en destino para facilitar tanto as primeiras fases da internacionalización coma a tarefa de consolidación da empresa galega en mercados exteriores.

Eixe 6. Proceso de internacionalización: obxectivos estratéxicos, propostas e medidas de actuación

Obxectivo estratéxico I

Deseñar un marco que facilite a internacionalización das empresas, transmita unha imaxe de Galicia como territorio competitivo e innovador e promova a atracción de investimentos cara a Galicia.

Propostas de actuación

Adopción e posta en marcha dun conxunto de programas específicos dirixidos á **mellora de información e axudas á internacionalización das empresas galegas.**

- Potenciación dos canles de información sobre mercados, priorizando accións concretas de sectores estratéxicos e mercados obxectivo e definindo socios potenciais para a exportación.
- Maior especialización das asistencias técnicas ás empresas.
- Mellorar a cooperación entre os distintos organismos públicos e privados que desenvolven estas tarefas, incrementando a complementariedade das súas accións promocionais e xerando un marco máis favorable que beneficie a atracción de empresas e investimentos estranxeiros.
- En relación ás axudas xestionadas polo IGAPE
 - Simplificación da súa tramitación administrativa, na actualidade excesivamente burocratizada, co obxectivo de axilizar a obtención das mesmas.
 - Cambiar as súas prioridades en canto á concesión das mesmas, centrándose máis nas pemes, en sectores produtivos galegos que sexan estratéxicos e con futuro, e en proxectos empresariais cunha maior viabilidade.
 - Priorizar os apoios en función do maior grado de cooperación interempresarial das propostas e da existencia dun impulso de estratexias empresariais de competencia en base á diferenciación de produtos.

Desenvolvemento de programas específicos orientados a **fomentar e mellorar os sistemas de apoio ás empresas no exterior e o seu acceso ao mercado das licitacións internacionais.**

- Desenvolvemento da actual estrutura da rede pública e privada no exterior, buscando unha maior cooperación coa Rede de Oficinas Económicas e Comerciais das embaixadas de España no exterior.
- Potenciar os programas específicos de acompañamento e axuda en destino. Débese facilitar tanto as primeiras fases da internacionalización coma a tarefa de consolidación da empresa galega en mercados exteriores
- Incentivar a participación das pemes na asistencia a feiras internacionais e misións comerciais cunha maior dotación de recursos a este tipo de medidas.

Desenvolvemento de **programas específicos de soporte estratéxico.**

- Elaboración dun Plan plurianual para promover a imaxe de Galicia como un territorio competitivo e innovador.
- Fomento da captación de capital humano especializado no ámbito da internacionalización, impulsando a formación en idiomas e noutras habilidades relacionadas coa competitividade, a internacionalización e a innovación.

Fonte: CES-Galicia

4.6.

Ademais, a Administración autonómica debería incentivar a participación das pemes na asistencia a feiras internacionais e misións comerciais cunha maior dotación de recursos a este tipo de medidas.

Un terceiro grupo de liñas de actuación fai referencia aos **programas específicos de soporte estratéxico**. Xunto as distintas medidas propostas para a mellora da competitividade do sistema produtivo galego ao longo dos devanditos eixes estratéxicos e para a optimización de factores de competitividade como as infraestruturas de comunicación, nodos lóxicos, innovación e deseño ou a formación, cómpre engadir a necesidade de adoptar programas específicos orientados a mellorar a imaxe de Galicia e dos seus produtos no exterior. O CES considera esencial o desenvolvemento dun Plan plurianual específico para tal fin que serva para promover a imaxe da comunidade galega como un territorio competitivo e innovador, e por tanto, para facilitar a captación de investimentos.

Neste senso, cómpre salientar coma un feito positivo o recente convenio marco de colaboración entre o IGAPE e a "Sociedad Estatal para la promoción y atracción de inversiones extranjeras" para a captación e consolidación de investimentos estranxeiros en Galicia.

Ambas entidades colaborarán tanto no ámbito da información e difusión de coñecementos e documentacións básicas para os investidores estranxeiros, como no da promoción, incrementando a complementariedade das actuacións promocionais de cada unha das institucións. Ademais, colaborarán para reter investimentos e fomentar o reinvestimento dos promotores estranxeiros proporcionando asistencia de calidade e apoio estratéxico e operativo adecuado, e para desenvolver accións formativas orientadas a mellorar a capacitación das persoas nesta materia. Un último obxectivo deste convenio marco é o de promocionar unha imaxe de Galicia como lugar competitivo para acoller investimento directo estranxeiro.

De cara a mellorar o proceso de internacionalización, o CES considera necesario o fomento da captación de capital humano especializado no ámbito da internacionalización, polo que habería que impulsar a formación en idiomas e outras habilidades relacionadas coa competitividade, a internacionalización e a innovación. ■